

1. Identificación da programación

Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
15015743	Arcebispo Xelmírez I	Santiago de Compostela	2020/2021

Ciclo formativo

Código da familia profesional	Familia profesional	Código do ciclo formativo	Ciclo formativo	Grao	Réxime
IFC	Informática e comunicacións	CBIFC02	Informática de oficina	Ciclos formativos de grao básico	Réxime xeral-ordinario

Módulo profesional e unidades formativas de menor duración (*)

Código MP/UF	Nome	Curso	Sesións semanais	Horas anuais	Sesións anuais
MP3030	Operacións auxiliares para a configuración e a explotación	2020/2021	9	205	245
MP3030_12	Configuración de equipamentos informáticos	2020/2021	9	102	122
MP3030_22	Aplicacións ofimáticas	2020/2021	9	103	123

(*) No caso de que o módulo profesional estea organizado en unidades formativas de menor duración

Profesorado responsable

Profesorado asignado ao módulo	MANUEL CAYETANO PIÑEIRO MOURAZOS
Outro profesorado	

Estado: Supervisada

2. Concreción do currículo en relación coa súa adecuación ás características do ámbito produtivo

O módulo de "Operacións auxiliares para a configuración e a explotación" impártese no segundo curso do ciclo formativo de formación profesional básica correspondente ao título de profesional básico en "Informática de Oficina", que ten unha duración de 2000 horas ao longo de 2 cursos académicos. O currículo do ciclo formativo foi establecido no Anexo XXI do DECRETO 107/2014, de 4 de setembro de 2014.

O desenvolvemento curricular deste módulo profesional fíxose tomando como referencia o Centro educativo IES Arcebispo Xelmírez I que cumpre as condicións establecidas pola L.O.E. e os Reais Decretos que a desenrolan en canto a espazos, instalacións, alumnado, etc, tendo en conta os aspectos da contorna educativo e do ámbito produtivo:

- Contorna educativa: o noso centro cumpre coas condicións especificadas pola lexislación educativa vixente, e polos Reais Decretos que establecen o currículo dos ciclos formativos correspondentes.
- Ámbito produtivo: a comarca de Santiago de Compostela basea a súa economía en varios sectores moi diversificados, onde podemos atopar varias empresas de servizos informáticos, moitas delas dependentes das Administracións Públicas (Xunta, Concello e Universidade) que acollen á gran maioría dos alumnos do ciclo para a Formación en Centros de Traballo .

3. Relación de unidades didácticas que a integran, que contribuirán ao desenvolvemento do módulo profesional, xunto coa secuencia e o tempo asignado para o desenvolvemento de cada unha

U.D.	Título	Descrición	Duración (sesións)	Peso (%)
1	Implantación de sistemas operativos	Principais sistemas operativos, tipos de software e licencias	28	12
2	Sistema operativo Windows	Ferramentas de administración básica de Windows 10	32	12
3	Sistema operativo Linux	Ferramentas de administración básicas do sistema	32	12
4	Sistemas operativos en red	Sistemas operativos en red e conceptos básicos sobre redes de datos e comunicacións	30	9
5	O procesador de texto	Ferramentas básicas do procesador de texto, formato ao documento, ao texto, ás imaxes, táboas, e ferramentas de ilustración	33	15
6	Aplicacións ofimáticas	Aplicacións para a presentación de información, ferramentas básicas dunha folia de cálculo e deseño de base de datos así como a exportación dos documentos en diferentes formatos	30	15
7	Servizos básicos de Internet e Seguridade informática	Navegación web, búsqueda de información na rede e xestión de correo electrónico. Amenazas á seguridade dun sistema informático	30	10
8	Servizos web	Ferramentas Web 2.0 e 3.0 , emprego de xestores de contidos existentes e redes sociais máis empregadas	30	15

4. Por cada unidade didáctica

4.1.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
1	Implantación de sistemas operativos	28

4.1.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA1 - Configura equipamentos informáticos para o seu funcionamento nun contorno monousuario, e identifica a funcionalidade da instalación	NO

4.1.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA1.1 Configúranse os parámetros básicos da instalación de sistemas operativos libres e propietarios
CA1.2 Configúrase o contorno de traballo en sistemas operativos libres e propietarios
CA1.9 Realízanse operacións básicas de protección en sistemas operativos libres e propietarios (actualizacións, instalación de antivirus, realización de copias de seguridade, etc.)

4.1.e) Contidos

Contidos
Sistemas operativos actuais libres e propietarios: requisitos técnicos do sistema operativo.
Operacións básicas de protección fronte a ataques en sistemas operativos libres e propietarios.
Características e funcións fundamentais dun sistema operativo.

4.2.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
2	Sistema operativo Windows	32

4.2.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA1 - Configura equipamentos informáticos para o seu funcionamento nun contorno monousuario, e identifica a funcionalidade da instalación	NO
RA2 - Configura equipamentos informáticos para o seu funcionamento nun contorno de rede, identificando os permisos de usuario	NO

4.2.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA1.3 Utilizáronse os elementos da interface de usuario para preparar o contorno de traballo
CA1.4 Recoñecéronse as características básicas dos sistemas de ficheiros máis utilizados en sistemas operativos libres e propietarios
CA1.5 Identifícanse as funcionalidades de sistemas operativos libres e propietarios para o manexo de sistemas de ficheiros
CA1.6 Identifícanse as funcionalidades de sistemas operativos libres e propietarios para o manexo de periféricos
CA1.7 Utilizáronse as ferramentas do sistema operativo para explorar os soportes de almacenamento de datos
CA1.8 Instaláronse aplicacións e utilidades adicionais en sistemas operativos libres e propietarios
CA2.2 Creáronse, configuráronse e xestionáronse contas de usuario

4.2.e) Contidos

Contidos
Xestión de ficheiros e cartafóles: funcións básicas de exploración e procura.
Arranque e parada do sistema. Sesións.
Utilización de periféricos.
Aplicacións e utilidades adicionais en sistemas operativos libres e propietarios.
Interface gráfica de usuario: escritorio.
Realización de tarefas básicas sobre sistemas operativos: recursos do sistema.
Estrutura da árbore de directorios.
Xestión de sistemas de ficheiros.
Sistemas de ficheiros, directorios, atributos e permisos.
Operación con ficheiros: nome e extensión, comodíns, atributos e tipos.
Operacións máis comúns con directorios.
Xestión de usuarios e grupos en contornos de rede.

Contidos

Tipos de perfís de usuario.

Usuarios e grupos predeterminados e especiais do sistema.

4.3.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
3	Sistema operativo Linux	32

4.3.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA1 - Configura equipamentos informáticos para o seu funcionamento nun contorno monousuario, e identifica a funcionalidade da instalación	NO
RA2 - Configura equipamentos informáticos para o seu funcionamento nun contorno de rede, identificando os permisos de usuario	NO

4.3.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA1.3 Utilizáronse os elementos da interface de usuario para preparar o contorno de traballo
CA1.4 Recoñecéronse as características básicas dos sistemas de ficheiros máis utilizados en sistemas operativos libres e propietarios
CA1.5 Identifícanse as funcionalidades de sistemas operativos libres e propietarios para o manexo de sistemas de ficheiros
CA1.6 Identifícanse as funcionalidades de sistemas operativos libres e propietarios para o manexo de periféricos
CA1.7 Utilizáronse as ferramentas do sistema operativo para explorar os soportes de almacenamento de datos
CA1.8 Instaláronse aplicacións e utilidades adicionais en sistemas operativos libres e propietarios
CA2.2 Creáronse, configuráronse e xestionáronse contas de usuario

4.3.e) Contidos

Contidos
Xestión de ficheiros e cartafóles: funcións básicas de exploración e procura.
Arranque e parada do sistema. Sesións.
Utilización de periféricos.
Aplicacións e utilidades adicionais en sistemas operativos libres e propietarios.
Interface gráfica de usuario: escritorio.
Realización de tarefas básicas sobre sistemas operativos: recursos do sistema.
Estrutura da árbore de directorios.
Xestión de sistemas de ficheiros.
Sistemas de ficheiros, directorios, atributos e permisos.
Operación con ficheiros: nome e extensión, comodíns, atributos e tipos.
Operacións máis comúns con directorios.
Xestión de usuarios e grupos en contornos de rede.

Contidos

Tipos de perfís de usuario.

Usuarios e grupos predeterminados e especiais do sistema.

4.4.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
4	Sistemas operativos en red	30

4.4.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA2 - Configura equipamentos informáticos para o seu funcionamento nun contorno de rede, identificando os permisos de usuario	NO

4.4.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA2.1 Aplicáronse preferencias na configuración do contorno de traballo
CA2.3 Configurouse e comprobouse a conectividade do servidor cos equipamentos da clientela
CA2.4 Utilizáronse os servizos proporcionados polo sistema operativo para compartir recursos
CA2.5 Asignáronse permisos aos recursos do sistema que se vaian compartir
CA2.6 Accedeuse aos recursos compartidos desde os equipamentos cliente
CA2.7 Aplicáronse normas básicas de seguridade sobre recursos compartidos

4.4.e) Contidos

Contidos
Configuración de acceso á rede a través de medios con cables e sen eles.
Xestión de usuarios e grupos en contornos de rede.
Tipos de perfís de usuario.
Usuarios e grupos predeterminados e especiais do sistema.
Compartición de recursos a través da rede.
Acceso a recursos compartidos.
Normas de seguridade sobre recursos compartidos.
Dispositivos con conexión sen fíos á rede e ao equipamento.

4.5.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
5	O procesador de texto	33

4.5.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA1 - Utiliza aplicacións ofimáticas en relación coas súas correspondentes funcións	NO

4.5.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA1.1 Descríbense as funcións e as características dun procesador de textos en relación cos tipos de documentos que se poden elaborar
CA1.2 Realizáronse procedementos de creación, modificación e manipulación de documentos utilizando as ferramentas do procesador de textos
CA1.3 Formatáronse textos para a súa utilización en distintas situacións
CA1.4 Utilizáronse as funcións do procesador de textos para gardar e imprimir documentos elaborados

4.5.e) Contidos

Contidos
Funcionalidade e uso de procesadores de textos.
Aplicación de formato a documentos.
Formatos de letras: negra, cursiva e subliñada.
Tamaños e tipo de fontes.
Numeración, viñetas, tabulacións e aliñamento de parágrafos.
Creación de táboas.
Inserción de obxectos gráficos nos documentos.
Configuración de páxina.

4.6.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
6	Aplicacións ofimáticas	30

4.6.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA1 - Utiliza aplicacións ofimáticas en relación coas súas correspondentes funcións	NO

4.6.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA1.5 Realizáronse operacións básicas con follas de cálculo, sobre documentos previamente elaborados
CA1.6 Realizáronse operacións básicas con bases de datos, sobre documentos previamente elaborados
CA1.7 Identificáronse as funcións básicas de aplicacións que permitan realizar presentacións
CA1.8 Elaboráronse presentacións multimedia aplicando normas básicas de composición e deseño

4.6.e) Contidos

Contidos
Funcionalidade e uso de aplicacións de follas de cálculo, de bases de datos e de presentacións multimedia.

4.7.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
7	Servizos básicos de Internet e Seguridade informática	30

4.7.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA2 - Emprega utilidades web, configúraas e identifica a súa funcionalidade e as súas prestacións	NO

4.7.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA2.1 Utilizáronse navegadores web e recoñeceuse a estrutura de internet
CA2.2 Personalizouse o navegador adecuándoo ás necesidades establecidas
CA2.3 Transferiuse información utilizando os recursos de internet para descargar, enviar e almacenar ficheiros
CA2.4 Identificáronse os medios e os procedementos de seguridade durante o acceso a páxinas web, e describíronse os riscos e as fraudes posibles
CA2.5 Describíronse as funcionalidades que ofrecen as ferramentas de correo electrónico
CA2.6 Creáronse contas de correo web

4.7.e) Contidos

Contidos
Características e usos de internet.
Navegación pola web: descrición, configuración e funcionamento do navegador.
Normas, medios e procedementos de seguridade no acceso a recursos web.
Buscadores: características e usos.
Transferencia de datos e información por internet.
Correo electrónico: funcionalidades e tipos.
Mensaxaría instantánea: tipos e características.

4.8.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
8	Servizos web	30

4.8.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA2 - Emprega utilidades web, configúraas e identifica a súa funcionalidade e as súas prestacións	NO

4.8.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA2.7 Utilizáronse outros servizos dispoñibles en internet (chat, foro, mensaxaría instantánea, redes p2p, videoconferencia, etc.)
CA2.8 Configuráronse as opcións básicas de diversas aplicacións web

4.8.e) Contidos

Contidos
Ferramentas e usos dos outros servizos de internet: redes p2p, videoconferencias, foros e chats.

5. Mínimos exigibles para alcanzar a avaliación positiva e os criterios de cualificación

Para este módulo, a avaliación farase por trimestres, polo que será preciso aprobar as tres avaliacións par superar con éxito o módulo. Un mal uso do material(físico é lóxico) posto a disposición do alumnado pode implicar, aparte das medidas disciplinarias que correspondan, a non superación do módulo.

INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN

a).- Exame teórico-práctico por cada unidade ou varias unidades segundo o peso das unidades.

O exame dividirase en apartados(1 por cada UD), que serán puntuados de 0 a 10.

Cada apartado constará de varias cuestións. A profesora indicará o peso de cada cuestión sobre a puntuación total do apartado.

A nota do exame suporá un 50% da nota de cada UD.

Se se detecta que o alumno copiou parcialmente ou totalmente ou o comportamento non é axeitado a puntuación do exame será 0 puntos.

b).- Tarefas propostas para entregar por cada unidade de traballo (UD):prácticas, traballos, ...

As tarefas para entregar que previamente se explicarán e deixarase tempo para a súa realización na aula calificaranse como Apto/Non Apto e correxiranse na aula. Para alcanzar a calificación de Apto será preciso ter resolta a tarefa correctamente e entregada en prazo na Aula Virtual.

A nota das tarefas suporá un 50% da nota de cada UD.

Valorarase o traballo diario feito en clase tendo en conta:

- Atención ás explicacións dadas en clase e comportamento
- Interese pola materia e afán de superación
- Puntualidade na asistencia a clase
- Colaboración e axuda con outros compañeiros
- Coidado do material e atención aos procedementos

A nota das tarefas suporá un 50% da nota de cada UD.

Caso de non se entregar no período establecido ou copiar total ou parcialmente, a tarefa avaliarase con 0 puntos.

No periodo de recuperación non se poderá entregar de novo as tarefas.

NOTA DE CADA AVALIACIÓN

Cada avaliación constará de varias unidades didácticas (UDs). A nota de cada UD se obterá do seguinte xeito:

A nota do apartado correspondente a cada UD do exame converterase a unha escala entre 0 e 10 menos o valor máximo das tarefas da UD.

A nota da UD será a nota do apartado correspondente do exame (xa na nova escala) sumando as notas das tarefas das UD obtidas, se a nota do apartado do exame é igual ou superior a 5 e a suma das notas das tarefas entregables é igual ou superior a 5.

A nota da UD será un número enteiro entre 1 e 10 redondeando a suma das notas anteriores.

É imprescindible ter aprobadas tódalas unidades de traballo (UD) para poder aprobar a avaliación. A nota mínima para aprobar a UD será 5.

A nota da avaliación será a suma ponderada das notas acadadas en cada unha das UD das que conste. Esta nota nunca poderá ser superior a 4 en caso de non ter aprobada algun das UD da avaliación.

NOTA FINAL DO CURSO

É imprescindible ter aprobadas tódalas avaliacións para superar o módulo. A nota final comporase dunha media aritmética das tres avaliacións trimestrais.

Esta nota nunca poderá ser superior a 4 en caso de non ter aprobada algunha das avaliacións.

AVALIACIÓN FINAL DO MÓDULO

Realizarase unha proba avaliativa final á que acudirán os alumnos que non superaron algunha das tres avaliacións.

A proba organizarase por Unidades Didácticas (UDs). En caso de non superar algunha das avaliacións trimestrais, o alumno terá que concorrer coa parte (UD) correspondente.

Nesta proba avaliarase de xeito independente cada unha das UD non superadas, sendo necesario obter unha nota igual ou superior a 5 EN CADA UNHA DELAS para superar o módulo.

Calcularase a nota correspondente a cada una das UD, así como a nota final, do xeito descrito anteriormente.

Os Resultados de aprendizaxe e criterios de avaliación mínimos por unidades formativas son:

UF1 : Configuración de equipamento informático

- RA1: Configura equipamentos informáticos para o seu funcionamento nun contorno monousuario, e identifica a funcionalidade da instalación
CA1.1 , CA1.2 , CA1.3,CA1.4, CA1.5, CA1.6, CA1.7, CA1.8, CA1.9

-RA2: Configura equipamentos informáticos para o seu funcionamento nun contorno de rede, identificando os permisos de usuario
CA2.1, CA2.2, CA2.3, CA2.4 ,CA2.5, CA2.6, CA2.7

UF2: Aplicacións informáticas

- RA1: Utiliza aplicacións ofimáticas en relación coas súas correspondentes funcións

CA1.1, CA1.2, CA1.3, CA1.4, CA1.5, CA1.6, CA1.7, CA1.8

- RA2: Emprega utilidades web, configúraas e identifica a súa funcionalidade e as súas prestacións

CA2.1, CA2.5, CA2.6

6. Procedemento para a recuperación das partes non superadas

6.a) Procedemento para definir as actividades de recuperación

Para o alumnado que non superen os exames por unidades ou trimestrais:

- Realizarase un seguimento continuo das necesidades de aprendizaxe do alumnado nesta situación.

- En cada UD farase aplicacións prácticas de todo o aprendido, o que serve de repaso e corrección.

- No día seguinte ao da realización do exame da unidade de traballo, farase unha corrección do mesmo na que o alumnado con nota entre 4,5 e 5 terá a posibilidade de aprobar. Cada exame, además de permitir avaliar, tamén serve de práctica e aprendizaxe.

- Realizaranse probas de recuperación por unidades de traballo ou trimestral onde se incluírán as unidades de traballo impartidas.

- En marzo presentarase ao exame final.

Para o alumnado que non superen os exames en marzo, no periodo correspondente dende marzo ata xuño propoñerse que realicen novamente tódalas actividades propostas co fin de alcanzar os obxectivos propostos no curso.

- En xuño presentárase novamente ao exame final.

6.b) Procedemento para definir a proba de avaliación extraordinaria para o alumnado con perda de dereito a avaliación continua

O alumno que perdesse o dereito á avaliación continua nun determinado módulo terá dereito a unha única proba final extraordinaria previa á avaliación final extraordinaria previa á avaliación final do módulo correspondente con establecido no artigo 25.5 da Orde do 12 de xullo de 2011.

Segundo o artigo 20.5 da Orde do 13 de xullo de 2015 pola que se regula as ensinanzas de formación profesional básica na Comunidade Autónoma de Galicia, así como o acceso e a admisión nestas ensinanzas, a perda do dereito á avaliación nun determinado módulo non lle será de aplicación ao alumnado de ciclos formativos de formación profesional básica en idade de escolarización obligatoria.

7. Procedemento sobre o seguimento da programación e a avaliación da propia práctica docente

Comunicación ao alumnado dos mínimos esixibles e criterios de avaliación e cualificación.

A profesora do módulo comunicará os mínimos esixibles ao alumnado na sesión de presentación do mesmo; asemade, indicará os criterios de avaliación que se aplicarán e o seu medio de cualificación.

Seguimento da programación

Unha vez ao mes, nas reunións de departamento de Informática, farase o seguimento da programación, pódose en común as incidencias acontecidas para favorecer a coordinación dos membros do departamento, e evitar duplicidade á hora de impartir as clases, favorecendo os procesos de ensino- aprendizaxe e reflectindo o grado de cumprimento con respecto á programación e a xustificación razoada no caso de desviacións na acta correspondente.

Trimestralmente, o profesor realizará un informe sobre o cumprimento da programación onde se indicará o cumprimento de obxectivos, contidos traballados, resultados académicos e temporalización.

Ao final do curso o profesorado completará un formulario pro cada grupo de alumnos aos que impartiu docencia no que se recollerán os seguintes aspectos:

Os contidos traballados e, no seu caso, os motivos polos que algúns deles non se completaron.

Os obxectivos acadados

A porcentaxe de alumnos que supera o módulo

As actividades complementarias e extraescolares realizadas e a súa valoración

Os acordos tomados

Toda esa información, xunto coas incidencias, cambios e propostas de cambio, serán recollidos na memoria do departamento de Informática que servirá de base para a elaboración da programación do seguinte curso.

O seguimento da programación tamén se realizará a través da ferramenta deseñada para tales efectos no sitio web onde tamén se elaboran as programacións para ciclos de Formación Profesional <https://www.edu.xunta.es/programacions>

Ao finalizar cada unidade realizarase unha revisión dos resultados didácticos acadados coas diferentes actividades e decidírase a idoneidade sobre a inclusión, exclusión ou modificación na programación dos vindeiros cursos.

8. Medidas de atención á diversidade

8.a) Procedemento para a realización da avaliación inicial

O profesorado encargado de impartir docencia deste módulo, deseñará unha actividade que realizará o alumnado na primeira semana de clase despois do inicio do curso para recoller os coñecementos iniciais do alumnado. Os resultados axudarán a ter unha idea do nivel do alumnado, e axudarán a deseñar as estratexias durante o curso, para a elaboración de tarefas. As valoracións que se realicen deberán ter un carácter cualitativo.

8.b) Medidas de reforzo educativo para o alumnado que non responda globalmente aos obxectivos programados

As medidas de reforzo teñen como obxectivo intentar axudar a superar algunha unidade didáctica a aqueles alumnos que non acadaron os obxectivos mínimos esixibles.

As medidas de reforzo da parte procedemental da unidade didáctica consistirán na resolución de supostos cunha metodoloxía distinta e máis detallada.

Estes supostos serán resolto polo alumno/a sempre coa axuda da profesora.

As medidas de reforzo da parte conceptual da unidade didáctica consistirán no repaso dos conceptos por parte do alumno/a e coa axuda da profesora.

As medidas de reforzo da parte actitudinal da unidade didáctica consistirán na proposta de cambio por parte do alumno/a e a supervisión da profesora.

Deberase potenciar a dinámica de traballo en equipo na busca da eficiencia, tendo en conta os valores de tolerancia e solidariedade.

Ademáis tratarase de describir e expoñer exemplos teórico-prácticos que amosen e faciliten a capacidade asociativa dentro dun coñecemento integrador.

Para o alumnado que non responda globalmente aos obxectivos programados, deseñaranse tarefas de apoio ou reforzo, cuxo obxectivo é apuntalar aquelas eivas detectadas que serán comentadas nas reunións mensuais do departamento de Informática.

Serán nesas reunións, onde se propoña o deseño deste tipo de exercicios de apoio ou reforzo.

9. Aspectos transversais

9.a) Programación da educación en valores

Faranse respectar as normas de convivencia na aula, nos recreos e nas gardas e insistirase na importancia do seu cumprimento por todos os membros da comunidade educativa. Educaranse nos seguintes valores.

Tolerancia e respecto á dignidade e igualdade de todas as persoas, independentemente da súa condición, sexo, relixión, cultura, etnia, nacionalidade ou lingua e rexeitarase calquera tipo de discriminación.

Respecto e cumprimento das normas de convivencia do Centro e coidado no uso das dependencias e materiais.

Solidariedade entre todos os membros da comunidade educativa.

Colaboración

Responsabilidade
Non violencia

9.b) Actividades complementarias e extraescolares

Asistencia á presentación dos traballos desenvolvidos en grupos ou de maneira individual polo resto dos compañeiros da clase.

Os alumnos/as poderán participar nas visitas a feiras, charlas, talleres ou empresas, organizados polos profesores/as do Centro.